

IES XESÚS TABOADA

IES XESÚS TABOADA CHIVITE/XUÑO 2019

convocatoria de xuño

12-13-14 xuño. Comisión Delegada Nº
17. Lugar: Facultade de Historia
(Edificio Facultades S/N (Campus as Lagoas))

PRIMEIRO DÍA (Materias Comúns)

MAÑÁ

9: 00-10:00 Presentación

10:00-11:30 LINGUA CASTELÁ E
LITERATURA II

11:30-12:00 Descanso

12:00-13:30 HISTORIA DE ESPAÑA

13:30 Fin sesión

TARDE

15:30 -17:00 LINGUA GALEGA E
LITERATURA II

17:00-17:30 Descanso

17:30-19:00 PRIMEIRA LINGUA
ESTRANXEIRA II

19:00 Fin sesión

continúa na páxina 2



estrutura da proba

Hai dúas partes: Obrigatoria e Voluntaria.

A parte obrigatoria da ABAU ten por obxecto valorar a madurez e as destrezas básicas que debe acadar o estudante ó finalizar o Bacharelato para seguir as ensinanzas universitarias oficiais de Grao. Versará sobre as materias xerais de segundo curso do bloque das materias troncais de modalidade elixida e sobre a materia de Língua e Literatura Galega.

A parte voluntaria da ABAU ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos que se pretende cursar e permite mellorar a cualificación obtida na Parte Obrigatoria.



Enderezo aplicación NERTA

<https://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado/>

Enderezo CiUG [http:// ciug.cesga.es](http://ciug.cesga.es)



CALENDARIO DA PROBA EN MAIO-XUÑO

SEGUNDO DÍA (Materias troncais de modalidade e de opción)

TERCEIRO DÍA (Materias troncais de modalidade e materias de opción)

de Bacharelato ou se non cursasen en Galicia algúns dos cursos do Bacharelato).

21 de maio límite para a avaliación final de Bacharelato

23-27 de maio prematrícula ABAU (nos centros). O código de activación de conta á NERTA será remitido por email

28 de maio reclamacións ás cualificacións de Bacharelato ante a Comisión de Supervisión

28 de maio reclamación nos centros ás listaxes provisionais de matriculados (ata ás 14:00 horas)

29- 31 de maio matrícula ordinaria na ABAU por parte dos centros nos LERD

7 de xuño consulta en NERTA dos listaxes provisionais de matriculados

4 de xuño matrícula extraordinaria para alumnado que aprobé 2º de bacharelato na convocatoria de xuño despois da resolución das reclamacións sola comisión de Supervisión

12-13-14 de xuño realización da ABAU

21 de xuño publicación online das calificacións provisionais da A2AU (a partir das 20:00 horas)

23-26 de xuño solicitudes de segunda corrección e reclamación ás cualificacións da ABAU (atas as 14:00 horas do día 26)

24 xuño límite para a avaliación final de bacharelato da convocatoria extraordinaria

24 de xuño ao 2 de xullo preinscripción para cursar ensinanzas oficiais de Grao no SUG (a través de NERTA

29 de xuño-3 de xullo solicitudes de revisión á segunda corrección (ata ás 14:00 do 3 de xullo)



MAÑÁ

9:00-10:30 MATEMÁTICAS APLICADAS CCSS/ FUNDAMENTOS DA ARTE II

10:30-11:00: Descanso

11:00-12:30 MATEMÁTICAS II/LATÍN II

12:30-13:00 Descanso

13:00-14:30 DEBUXO TÉCNICO II/ARTES ESCÉNICAS

2ª LINGUA ESTRANXEIRA II

14: 00 Fin sesión

TARDE

16:00-17:30 FÍSICA/ XEOGRAFÍA/CULTURA AUDIVISUAL II

17:30-18:00 Descanso

18:00-19:30 QUÍMICA/ GREGO II

19:30 Fin sesión

MAÑÁ

9:00-10:30 BIOLOXÍA/ HISTORIA DA ARTE

10:30-11:00 Descanso

11:00-12:30 XEOLOXIA/ HISTORIA DA FILOSOFÍA

12:30-13:00 Descanso

13:00-14.30 ECONOMÍA DA EMPRESA/DESEÑO

14:30 Fin sesión

DESCRICIÓN DA PARTE OBRIGATORIA

Constará dos exercicios seguintes:

1º LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II

2º LINGUA GALEGA E LITERATURA II (están exentos os estudantes que teñan exención en LG en algún dos cursos

3º HISTORIA DE ESPAÑA.

4º LINGUA ESTRANXEIRA II (o estudante indicará na solicitude de matrícula na ABAU, a lingua estranxeira da que se examinará.)

5º MATERIA XERAL DE MODALIDADE de 2º de Bach (o estudante indicará na solicitude de matrícula na ABAU, a materia de modalidade (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas CCSS II). Cada un dos cinco exercicios da PARTE OBRIGATORIA DA ABAU presentará dúas opcións diferentes, para elixir unha e terá unha duración máxima de 1h 30'.

IMPORTANTE

LEVAR DNI ou Pasaporte

Resgardo de matrícula

Pluma ou bolígrafo de tinta azul ou negra imborrable

Material axeitado (para Debuxo Técnico II, dicionarios para Latín e Grego, calculadoras non programables)

NOTA DE ADMISIÓN ÁS

ENSINANZAS DE GRAO

NOTA DE ADMISIÓN = 0,6*NMB+ 0,4* CPO+A*M1+B*M2

NMB= Nota media Bach

CPO= Cualificación parte obligatoria da ABAU

M1, M2=cualificacións dun máximo de 2 materias da Parte Voluntaria que lle proporcione mellor nota de acceso.

A,B= Parámetros de ponderación da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade na ABAU que proporcionen mellor nota de acceso.

información ABAU



...

Para a realización dos exercicios da PARTE OBRIGATORIA, poderase empregar calquera das linguas oficiais de Galicia. Non obstante, os exercicios de lingua e literatura castelá, lingua e literatura galega e lingua estranxeira serán nas súas respectivas linguas.

DESCRIPCIÓN DA PARTE VOLUNTARIA

Na parte voluntaria da ABAU cada estudante poderá examinarse

dun máximo de 4 materias de entre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso de bacharelato e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba, a que fai referencia o artigo 31 do RD 86/2015, do 25 de xuño.

(O estudante indicará na solicitude de matrícula na ABAU a materia ou materias das que se examinará)

Os exercicios en cada unha das materias elixidas polo estudante constarán de respostas por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ó tipo de coñecemento que deba ser avaliado.

Sistema de cualificación

Parte Obrigatoria cada un dos exercicios se cualificará entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A cualificación da parte obrigatoria é a media aritmética de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 con tres cifras decimais redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

A cualificación da parte obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a ABAU.

Parte Voluntaria: cada unha das materias da parte voluntaria será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

Considerarase superada cada unha das materias da parte Voluntaria cando o estudante obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a 5

A validez das cualificacións da Parte Voluntaria será de 2 cursos seguintes á súa superación.

SUPERACIÓN DA ABAU

Se o estudante acada unha nota igual ou superior a 5 puntos como resultado da media ponderada do 60 por 100 da nota media do Bacharelato ou de ciclo correspondente de FP e o 40% da cualificación da Parte Obrigatoria, considerarase que supeoru a ABAU.

A nota media do Bacharelato é a media aritmética das cualificacións en todas as materias (agás relixión) expresada con dous decimais e redondeada a centésima máis próxima e en caso de equidistancia a superior.

RECLAMACIÓN E/OU DOBRE CORRECCIÓN

No prazo de 3 días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, o estudante poderá presentar solicitude de:

- * Reclamación
- * Dobre corrección.

RECLAMACIÓN.

Poderáanse presentar no LERD no cal se entregou a solicitude de matrícula para a ABAU entregando os impresos específicos para tal efecto, ou na aplicación informática NERTA, non sendo preciso neste caso a entrega das solicitudes nos LERD. Para iso é necesario o código de acceso do resgardo de matrícula para a ABAU

DOBRE CORRECCIÓN.

A cualificación resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de que exista unha diferenza de dous ou máis puntos entre as dúas cualificacións, o tribunal efectuará de oficio, unha terceira corrección.

Sobre a cualificación outorgada despois do proceso de segunda corrección, o estudante poderá presentar reclamación ante a Comisión Organizadora, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da publicación da resolución da segunda corrección.

A cualificación definitiva será a que resulte desta revisión sempre que sexa superior a outorgada na segunda corrección.

OUTROS RECURSOS

1 mes recurso potestativo de reposición ante a Comisión. Non se poderá interpoñer un contencioso mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.